

Poemas

Xavier FRÍAS CONDE

entender a ausencia
indecente
impaciente
aínda de ti máis ausente

o vicio de conquistar
impaciencias
as praias
tamén ausentes
da palma de
túa man.

* * *

percorrinte foresta
aroma
amorodo
praia
até acordar
primavera
en teu cabelo.

* * *

as palabras
cando espidas
tamén aterecen

país desabrazado

* * *

fechou o silencio
por fin de existencias

a pel é de novo
erma rúa mollada

* * *

e o suor
tórnase mar

na túa palma
marés

o teu peito
illas á alba
contigo
 meniña
adormecida... toda ti praia

* * *

négome a almorzar
tabús descubertos
en suor
silencios de palla
cans de inocencia

nesta todas as ausencias
hai corvos afónicos
que non explican
os contornos da túa pel

e rancia
 neciamente
suplican
aínda
máis ausencias

* * *

corrente arriba

sempre
sempre
o teu sexo

* * *

sentas
na butaca azul
da lingua fértil
das gaivotas

faría agora
castelos de area
 e talvez de fadas
na túa pel

maré de muller